

## Programa

### Banda de Música de Ordes

*Maximino*

(pasodoble de Fernando Gontad)

*Tango for a torreador*

(de Hernán chv.snipders)

*Concert d'amore*

(de Jacob de Haan)

*Calpe*

(pasodoble de Fernando Penella)

### Banda Municipal de Música de Ribadeo

*Musica i Poble*

Ferrer Ferran

*El Rey León*

Elton John / Hans Zimmer

*Virginia*

Jacob de Haan

### Banda Municipal de Música de Betanzos

*José Copete "Copetillo"*

(pasodoble) Víctor Segura Alemany

*Bonaparte*

Otto M. Schwarz

Director: Raúl Galán Cerveró

*Miguel Galán*

(pasodoble) A. P. Perelló

*Nino Rota Film Music*

Arranxo Marcel Peeters

Director: Juan A. Ferrer Cerveró



Concello de  
Betanzos


LUGAMI Artes Gráficas

# XIII Encontro Bandas de Música

Banda  
de Música de Ordes


Banda Municipal  
de Música de Ribadeo

Banda Municipal  
de Música de Betanzos



Domingo 27 de xuño de 2010  
Praza da Constitución • 19:00 h

En caso de mal tempo, o acto terá lugar  
na igrexa de San Francisco ás 20:00 h



## Banda de Música de Ordes

Comeza en 1989 un proxecto moi ambicioso, recuperar a Banda de Música de Ordes que existira entre os anos 1931 e 1935. Pouco a pouco, coa axuda dun empresario da vila de Ordes e despois de longos esforzos naceu a Escola de Música de Ordes, onde se formaron os primeiros músicos, que en 1991 daría o seu primeiro concerto na vila de Ordes, dirixidos por D. Maximino Boga Ramallo, que foi un dos primeiros profesores.

É en 1993 cando a Banda de Música comeza a súa andadura pola xeografía galega, e da o seu primeiro concerto en Ordes, para logo seguir por distintos lugares da xeografía galega e español.

A partir do ano 1995 a Banda comeza a incorporar máis membros procedentes da propia Escola de Música. Ao longo de todos estes anos, a Banda de Música, vén realizando arredor de trinta e cinco actuacións anuais. Ademais destas actuacións realiza intercambios culturais con outras Bandas de Música e agrupacións culturais.

Na actualidade o director é Fernando Gontad Losada, nado na localidade de Portas (Pontevedra) que aos sete anos de idade comezou a súa formación musical da man do seu pai na Banda de Música Unión de Lantaño. Máis tarde formou parte de varias orquestras e desde o ano 1978 formou parte da Banda Municipal de Santiago de Compostela como saxo alto solista ata a súa xubilación.



## Banda Municipal de Música de Ribadeo

Transcorría o ano 1989, a través dunha iniciativa civil privada veciñal intentábase recuperar a *ilusión nunca esquecida* de recobrar unha banda en Ribadeo. Iniciábase a constitución dunha comisión xestora para crear unha Academia de Música e a captación de socios/as e afiliados/as cunha masiva resposta social ribadense. Contáctase con Hernán Naval para a formación musical dos asociados ata lograr o nivel necesario para a creación dunha Banda de Música e, ao mesmo tempo, constitúese a asociación "Amadores da Música". O 25 de xaneiro do ano 1992, case un ano antes do previsto, con corenta e un músicos, baixo a batuta de Hernán Naval, presentase a Banda de Ribadeo na igrexa parroquial. Ao ano seguinte e en virtude dun convenio asinado entre o Concello de Ribadeo e a asociación "Amadores da Música" a banda pasaría a chamarse Banda Municipal de Ribadeo.

Quizais precisamente por marcar outras liñas musicais nun contorno que pesaban máis as tradicións, e intentar dignificar as bandas como ferramenta cultural como cabalo de batalla permanente do seu director, o heterodoxo traballo da Banda Municipal e as súas liñas musicais que achegaban a música a públicos e gustos de distintas idades en ascenso e Hernán Naval, co seu traballo conseguiu articular un rexurdimento da Banda que sacou da nada ata convertela nunha potente formación con máis de oitenta músicos. Tamén se fixo un gran labor na Escola de Música, atraendo e formando a centos de rapaces e rapazas e apoiando as agrupacións que nacheron baixo o seu seo.

Así, baixo a súa batuta ribadense marcou fitos importantes como a publicación dun disco compacto no ano 1997. Tamén con Hernán Naval a Banda actuou nas principais cidades de Galicia e teatros da xeografía galega e en diversos puntos do estado español (Madrid, Barcelona, Murcia, Oviedo, Aranxuez etc) e tamén en Portugal (Lourdes, Lisboa...). Así mesmo, actuou e fixo gravacións en RTVG e TVE, e gravou a BSO da película "Los muertos van deprisa".

## Banda Municipal de Música de Betanzos

A Banda Municipal de Música de Betanzos, nace no ano 1852, e o seu primeiro director foi D. Juan Gattot. Ao longo da súa dilatada historia pasaron por ela notables músicos e directores, que fixeron dela unha institución musical de primeiro nivel. Entre eles cabe destacar a Ricardo Dorado, autor de importantes obras para banda, así como a Manuel Fernández Amor, quen foi un dos músicos más fecundos, como compositor, que deu Galicia.

Despois de diferentes vicisitudes, e por falta de apoio económico, a Banda dissolveuse no ano 1965. Tras un silencio musical de 25 anos, en 1990, o Concello de Betanzos, acordou a creación da Escola Municipal de Música, e o seu director Antonio Cal, realizándose o primeiro concerto do alumnado da Escola, tivo lugar baixo a súa dirección en decembro do mesmo ano.

O Concello, para facer realidade un vello soño da cidade, facilita instrumentos, uniformes e profesorado, ao fin de promocionar unha nova Banda de Música, a continuación, mediante unha ponte de vinte e cinco piares, un por cada ano de silencio, de aquela outra Banda tan entrañable. A presentación oficial desta, realizouse nas festas patronais de agosto de 1991, sendo acollida con agarimo e emoción por todos betanceiros e as betanceiras. A partir de aquí, os éxitos cóntanse por actuacións. Estas tiveron lugar en toda a xeografía galega, así como en diferentes comunidades autónomas: Castela-León, Canarias, Murcia etc. Tamén participou en programas da TVE e TVG, así como gravacións de radio. Gravou o seu primeiro disco con motivo do décimo aniversario da súa "refundación", que tivo unha magnífica acollida e gozou de excelentes críticas.

Recentemente a Banda Municipal de Betanzos realizou unha xira pola República Arxentina que culminou cun extraordinario éxito no Teatro Avenida da cidade de Buenos Aires.

Na actualidade a Banda, cos seus directores, Raúl Galán e Juan Antonio Ferrer, atópase nun período de maior exixencia musical e está conseguindo un nivel artístico progresivo, sempre tendo en conta que a Banda Municipal de Betanzos é unha Banda de músicos en formación.